

Os socialistas de Muras solicitan ao Alcalde a paralización do proceso para a concesión da aldea etnográfica de Carelle

“É un proxecto que naceu malparido, pois se puxo en marcha coa cultura do pelotazo, coa idea de que o Rexedor fora o maior beneficiario”. Proba delo, afirman, é que, no seu día, dende a entidade local se formularon unhas bases para que resultara adxudicatario da compra do lugar de Carelle Grande á súa propia dona, empregando para elo preto de 300.000 euros do canon eólico

É por este motivo polo que denuncian que “agora que encheu o peto”, pretenda entregar a xestión deste complexo etnográfico á empresa privada. “É un engano e unha burla aos intereses do pobo de Muras”, insisten

Tal e como explican no escrito dirixido hoxe á Alcaldía, opóñense rotundamente a este proceso porque “somos defensores da xestión pública” e porque aínda descoñecendo o custo final do proxecto, que non baixa dos 2,3 millóns de euros -pouco menos que o Orzamento co que conta o municipio-, “co ritmo de amortización que prevé o Sr. Algnam terían que pasar preto de 400 anos ata que se amortizara o seu gasto”

En 2010 o Rexedor e a súa cónxuxe venderon ao Concello 109 fincas e 6 inmobles, o maior lote de propiedades adquirido pola entidade local

MURAS, 10 DE MARZO DE 2015.- Os socialistas de Muras, a través dun escrito remitido esta mesma mañá á Alcaldía, solicitan ao Rexedor a paralización do proceso para a concesión da aldea etnográfica de Carelle pois, unha vez publicadas as bases polas que se rexe a autorización deste enclave, “se deduce claramente que dende a Alcaldía se está dirixindo o posible adxudicatario, de tal xeito que, novamente, o PP con esta decisión aposta pola privatización dun ben público que debería de estar ao servizo dos murenses e non dos intereses particulares”.

“É un proxecto que naceu malparido, pois se puxo en marcha coa cultura do pelotazo, coa idea de que o Rexedor fora o maior beneficiario”. Proba delo, afirman, é que, no seu día, dende a entidade local se formularon unhas bases para que resultara adxudicatario da compra do lugar de Carelle Grande á súa propia dona, empregando para elo preto de 300.000 euros do canon eólico.

Oposición dos socialistas

É por este motivo polo que os socialistas denuncian que “agora que encheu o peto”, pretenda entregar a xestión deste complexo etnográfico á empresa privada. “Opoñémonos rotundamente a esta situación”, subliñan, “e facémolo por varios motivos”. En primeiro lugar, indican, “porque somos defensores da xestión pública e ademais polas causas que explicitamos no escrito que diriximos no día de hoxe ao propio Alcalde”. E, en segundo lugar, porque aínda descoñecendo o custo final do proxecto e supoñendo que este non baixa dos 2,3 millóns de euros, pouco menos que o Orzamento co que conta o municipio, e tendo en conta que o canon establecido para a súa concesión é de 6.000 euros anuais, “co ritmo de amortización que prevé o Sr. Algnam terían que pasar preto de 400 anos ata que se amortizara o seu custo; situación que cualificamos de auténtica burla ao pobo de Muras”, conclúen.

Cronoloxía

En 2010 cada veciño do municipio recibiu unha carta na que se lles informaba de que o Concello se ofrecía como comprador deste complexo abandonado de 30 hectáreas para rehabilitar. Boa parte destas terras -109 pequenas fincas e seis inmobles de Carelle, na parroquia de O Burgo- acabou vendéndollas o propio Rexedor ao consistorio. Deste xeito, malia que xunto con Algagm presentaron as súas solicitudes de venda outros oito propietarios, o do Alcalde foi o maior lote de propiedades adquirido pola entidade local. Tal é así que, só pola compra da madeira das parcelas, o Concello pagoulle a Algnam e á súa dona 50.000 euros máis.

Diante esta situación, os socialistas sempre mostraron o seu rexeitamento a tal proceso. De feito, o proxecto fora aprobado cos votos en contra dos edís do PSOE, pois se financiou coas subvencións que recibiu Muras do Plan de Compensación Medioambiental. Polos 377 aeroxeneradores instalados nos montes do municipio, a este Concello correspondéronlle preto de 700.000 euros anuais, cantidade que, en 2010, se destinou á adquisición destas terras por un importe total de case 600.000 euros, así como á redacción do proxecto.